

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

RESOLUCIÓN do 27 de decembro de 2022 pola que se convocan os Premios de Arquitectura e Rehabilitación da Comunidade Autónoma de Galicia 2023 (código de procedemento VI490A).

O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.3 atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, nos termos do disposto nos artigos 47 e 148.1.3 da Constitución.

En virtude dos artigos 3 e 4 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo, compete a este organismo autónomo a realización das políticas de vivenda e solo na Comunidade Autónoma de Galicia e, así mesmo, a dirección da política en materia de patrimonio arquitectónico, o fomento da rehabilitación e construción de todo tipo de vivendas.

No marco competencial descrito, o Instituto Galego da Vivenda e Solo impulsa actuacións no patrimonio arquitectónico de Galicia, co fin de atender as necesidades de rehabilitación e, así mesmo, mediante programas de conservación e enriquecemento deste patrimonio, realiza unha intensa actividade de fomento da rehabilitación. Precisamente, este patrimonio, constituído polo conxunto de edificacións representativas da nosa identidade cultural, é digno merecedor dunha adecuada conservación como legado común, como se puxo de manifesto coa aprobación da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, a primeira lei galega de rehabilitación.

Neste contexto, na nosa comunidade autónoma realízanse obras arquitectónicas que destacan pola súa contribución á sociedade, por constituíren elementos innovadores, así como pola procura na conservación e rehabilitación do patrimonio arquitectónico. Deste xeito, configúrase unha arquitectura orientada a mellorar as condicións de conservación e mantemento de edificios con valor patrimonial ou utilidade social, o que repercute, en última instancia, na calidade de vida das persoas.

Desde o ano 2016 convocáronse tres edicións dos Premios de Arquitectura e Rehabilitación da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de impulsar a excelencia da nosa arquitectura e a rehabilitación.

CVE-DOG: m0ghqyo1-b3u8-rml4-gfc0-bw6yrlau4qt9



A importancia destes premios queda patente ao estaren incluídos expresamente no eixe 1 da liña estratéxica D do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, asinado o 20 de xaneiro de 2021 polos representantes das entidades integrantes do Pleno do Observatorio da Vivenda de Galicia, documento que recolle as liñas de actuación pública nesta materia e constitúe o instrumento fundamental da planificación das políticas públicas na Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2025.

Nesta edición, a cuarta, estes premios supoñen o recoñecemento á calidade das edificacións rematadas nos anos 2020, 2021 e 2022, tanto de obra nova como de rehabilitación. Cabe destacar, así mesmo, os dous premios especiais: o de sustentabilidade e á traxectoria profesional. O primeiro busca destacar a implementación dunha arquitectura responsable e comprometida co ambiente, en consonancia cos programas desenvolvidos pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en especial a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, as directrices de ordenación do territorio e a estratexia da paisaxe galega. O premio á traxectoria profesional pretende ser un recoñecemento da especial contribución á arquitectura no territorio galego por parte das persoas arquitectas, aparelladoras e arquitectas técnicas.

Esta resolución suxéitase ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A tramitación anticipada dos expedientes no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos, con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, realízase ao abeiro da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998. Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, habílanse créditos para o financiamento destes premios.

En consecuencia, e segundo o disposto no artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

Único. Convocar os Premios de Arquitectura e Rehabilitación da Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2023, que se rexerán polas bases que figuran no anexo I (código de procedemento VI490A).



A presentación de candidaturas deberá realizarse obrigatoriamente por medios electrónicos coa proposta que se incorpora como anexo II, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A dotación económica dos premios pagarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.81.451A.480.0, dos orzamentos do Instituto Galego da Vivenda e solo (en diante, IGVS) para 2023.

De conformidade co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, o outorgamento destes premios queda supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa concesión.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2022

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo

ANEXO I
Bases reguladoras

Primeira. Modalidades de premios

Establécense as seguintes modalidades de premios:

1. Premio galego de arquitectura 2023.

O xurado poderá outorgar o premio galego de arquitectura 2023 entre os proxectos de nova planta relativos a actuacións que xerasen unha nova edificación ou unha ampliación dunha xa existente, sempre que teña suficiente entidade como para poder ser valorada de forma independente da construción orixinal.

Dotación económica: 6.000 €.

2. Premio galego de rehabilitación 2023.

O xurado poderá outorgar o premio galego de rehabilitación 2023 entre os proxectos de rehabilitacións relativos a intervencións de recuperación e adecuación do parque edificado existente.

CVE-DOG: m0ghqyo1-b3u8-rml4-gfc0-bw6yrlau4qt9



Dotación económica: 6.000 €.

3. Mencións.

Entre as actuacións que non obtivesen premio, poderán ser obxecto de mención aquelas que o xurado aprecie como merecedoras dun especial recoñecemento.

4. Premios especiais.

O xurado poderá outorgar premios nas categorías especiais que se indican a seguir:

a) Á sustentabilidade 2023, destinado a destacar aquela actuación que supoña a implantación dunha arquitectura responsable co ambiente, os recursos e as xeracións futuras.

Dotación económica: 6.000 €.

b) Á traxectoria profesional 2023, destinada a recoñecer a meritoria traxectoria profesional a favor da arquitectura no territorio galego nas categorías de arquitecto/a e aparellador/a ou arquitecto/a técnico/a.

Segunda. *Condicións dos proxectos e das persoas premiadas*

1. Poderán optar aos premios, agás o especial á traxectoria profesional 2023, os proxectos arquitectónicos de edificacións finalizadas na Comunidade Autónoma de Galicia entre o día 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de decembro de 2022.

2. As persoas físicas ou xurídicas autoras dos citados proxectos deberán ser profesionais da arquitectura.

3. Poderán propoñerse para o premio especial á traxectoria profesional 2023 as persoas arquitectas, aparelladoras e arquitectas técnicas que pola súa contribución a favor da arquitectura no territorio galego sexan merecedoras dun especial recoñecemento.



Terceira. *Presentación de candidaturas para concorrer aos premios galegos de arquitectura, rehabilitación e especial de sustentabilidade 2023*

1. As entidades que, segundo a base quinta, teñan representación no xurado poderán presentar candidaturas para os premios de arquitectura, rehabilitación e especial de sustentabilidade 2023. A presentación poderán realizala desde o primeiro día hábil seguinte ao de publicación desta resolución no DOG e ata o 31 de marzo de 2023.

2. A presentación das candidaturas require que a través da aplicación informática que, para estes efectos, figura na páxina web do IGVS, se achegue a seguinte documentación:

a) Autorización das persoas autoras dos proxectos á entidade proponente para presentar a súa candidatura, así como o seu consentimento expreso ao IGVS para poder publicar, difundir e dar publicidade aos proxectos e ao material achegado coa proposta, segundo o modelo dispoñible na devandita aplicación. No suposto de que se presente conxuntamente un elevado número de candidaturas, estes anexos poderán substituírse por unha declaración responsable da entidade proponente de que conta coas ditas autorizacións de todas as persoas autoras dos proxectos propostos.

b) Imaxes: admitirase un máximo de 12 arquivos, que poderán conter fotografías, planos, diagramas, etc., en formato jpg, relativos ao correspondente proxecto.

c) Memoria descritiva e xustificativa do proxecto.

d) Lámina resumo, en formato horizontal DIN-A3, do proxecto proposto.

e) Opcionalmente, poderá achegarse un vídeo de duración máxima de 3 minutos sobre o proxecto proposto.

f) Os proxectos que se presenten para o premio especial á sustentabilidade deberán incluír, ademais, unha memoria xustificativa das estratexias de sustentabilidade aplicadas, así como dos resultados obtidos.

Co obxecto de permitir a identificación das distintas persoas que participaron nos proxectos, no proceso de presentación de candidaturas de cada proxecto deberá quedar constancia do nome, teléfono e correo electrónico de cada unha das persoas intervenientes neles.

CVE-DOG: m0ghqyo1-b3u8-rml4-gfc0-bw6yrlau4qt9



3. Cumpridas as formalidades anteriores, a aplicación informática xerará un documento resumo da documentación presentada, en formato pdf, que a entidade proponente deberá achegar obrigatoriamente por medios electrónicos coa proposta (anexo II), a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

4. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das entidades proponentes presenta a documentación presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación das propostas poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

5. As entidades proponentes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, o xurado poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais para o seu cotexo coas copias electrónicas presentadas.

6. Pechado o prazo de presentación de candidaturas, a persoa secretaria do xurado redactará acta dos proxectos presentados.

7. Os proxectos propostos poderán ser visualizados na ligazón que, para estes efectos, se dispoña na páxina web do IGVS.

8. A documentación presentada quedará á disposición da organización dos premios, que poderá utilizala para a súa difusión en calquera tipo de formato ou soporte.

Cuarta. Propostas de premios á traxectoria profesional 2023

As propostas para o outorgamento dos premios á traxectoria profesional 2023 serán presentadas no seo do xurado polas entidades con representación nel, e deberán vir avaladas pola correspondente xustificación.



Quinta. Composición do xurado

1. O xurado estará presidido pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Así mesmo, formarán parte do xurado, as seguintes persoas:

- a) A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.
 - b) A persoa titular da Secretaría Xeral do IGVS.
 - c) A persoa titular da Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade do IGVS.
 - d) A persoa que designe a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
 - e) A persoa que designe a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.
 - f) A persoa que designe a Dirección da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña.
 - g) A persoa que designe a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da Universidade da Coruña.
 - h) A persoa que designe o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
 - i) A persoa que designe o Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.
 - j) A persoa que designe a Federación Galega da Construción.
 - k) A persoa que designe a Federación de Promotores de Edificación e Solo de Galicia.
2. Actuará como secretario/a do xurado a persoa titular da Secretaría Xeral do IGVS.

Sexta. Funcionamento do xurado

1. O xurado axustará o seu funcionamento ao sinalado nestas bases e ao disposto na sección 3ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



2. As reunións do xurado realizaranse nas datas sinaladas pola súa presidencia e terán lugar na sede que o IGVS ten en Santiago de Compostela. Tamén se poderán realizar telematicamente se así o acorda o xurado.

3. Corresponde á presidencia do xurado a interpretación das presentes bases, así como a resolución daqueles aspectos non determinados nelas.

Sétima. Deliberacións e decisión do xurado

1. Nas candidaturas aos premios de arquitectura, rehabilitación e especial de sustentabilidade 2023, o xurado poderá realizar unha selección previa de proxectos finalistas, entre os cales se elixirá un ou varios proxectos gañadores para cada unha das modalidades dos premios. Así mesmo, o xurado poderá facer mencións honoríficas, sen dotación económica, a aquelas actuacións que aprecie como merecedoras dun especial recoñecemento.

2. As decisións do xurado tomaranse por maioría dos presentes na deliberación e, en caso de empate, decidirá o voto de calidade da súa presidencia.

3. O xurado poderá declarar desertos os premios se considera que as obras presentadas non reúnen o mérito necesario para acadaren a distinción, así como conceder o premio *ex aequo* a máis dun proxecto.

4. O xurado emitirá a súa decisión, con mención aos valores dos proxectos galardoados que os fan meritorios da distinción recibida.

Oitava. Difusión e publicidade

1. O IGVS poderá publicar na súa páxina web os proxectos presentados e, de ser o caso, os seleccionados como finalistas polo xurado, os mencionados e, en todo caso, os galardoados.

2. Tras a decisión do xurado, daranse a coñecer os proxectos premiados e farase entrega, en acto público, dos correspondentes galardóns ás persoas premiadas.

3. O IGVS dará a correspondente publicidade, tanto ás persoas galardoadas como aos proxectos premiados, e pode, para tal efecto, utilizar o material achegado coa proposta de candidatura, así como proceder á súa divulgación a través das publicacións, exposicións, conferencias ou calquera outra actuación que coide oportuna.



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS DE ARQUITECTURA E REHABILITACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	VI490A	PROPOSTA

DATOS DA ENTIDADE PROPOÑENTE								
RAZÓN SOCIAL							NIF	
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO						

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
☐ Documento resumo da documentación presentada na aplicación da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego da Vivenda e Solo.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 27 de decembro de 2022 pola que se convocan os Premios de Arquitectura e Rehabilitación da Comunidade Autónoma de Galicia 2023 (código de procedemento VI490A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE
Lugar e data

--

Instituto Galego da Vivenda e Solo

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: m0ghqyo1-b3u8-rm14-gfco-bw6yrlau4qt9

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>